



desenvolvo de 78.790 pesetas ás áreas municipais. Vende este punto voltamos ao paseo marítimo para pasar pola parte traseira da Igrexa de Santa Rita de Xuvia, construída no século XX polo señor don Francisco Barcón y Quevedo, importante industrial naronés. A escasos metros atopamos una pequena praza, a antiga praza adicada a San Roque, remodelada hai poucos anos e renomeada como Plaza de don Francisco Barcón y Quevedo. Neste punto propoñémosvos un novo desvío da ruta para achegarvos a coñecer o Magnolio de Xuvia, a árbore máis antiga do noso concello; aínda que a súa orixe non é moi clara, os máis vellos da zona atribúen a súa procedencia a Filipinas.

Voltando á praza pasaremos por diante do Muíño de Xuvia, construído no século XVIII e propiedade de don Federico Lestache, que se está a restaurar na actualidade. Comezamos o noso camiño pola beira do río, un espazo adicado á pesca fluvial de enorme beleza. No noso camiño cara á Presa do Rei atoparemos elementos singulares, así pois en paralelo á nosa ruta están os terreos de Galicia Textil, antiga fábrica de moeda, unha pequena fonte excavada na mesma rocha, ou unha bifurcación do río onde antigamente se asentou unha fábrica de xeo.

Chegamos á Presa do Rei, que foi mandada construír polo rei Alfonso XIII e utilizada nas súas orixes para dar enerxía á Real Fábrica de Moeda de Xuvia. Atópase situada nun marco incomparable, rodeado de fermosas arboledas á beira do Río Xuvia, un dos lugares máis

RUTA 2: En bici pola marxe do río Xuvia.

SAÍDA: Paseo marítimo de Xuvia (rotonda de Megasa)

CHEGADA: Muíño de Pedroso.

LONXITUDE: 15,500 Kms.

DIFICULTADE: media

DURACIÓN APROXIMADA: 1 Hora 30 minutos

ALGÚNS PUNTOS DE INTERESE: Muíño das Aceñas, edificio do antigo Concello, Muíño de Xuvia, Plaza de Francisco Barcón y Quevedo, Presa do Rei, Muíño de Pedroso.

Esta ruta discorre a carón do río Xuvia. Partindo do Paseo Marítimo de Xuvia (rotonda de Megasa) ó longo de quince kilometros e medio ofrece un percorrido no que se mesturan lugares de interese histórico e cultural con pasaxes que nos permitirán disfrutar da natureza.

A escasos metros do punto de partida podemos contemplar o muíño das Aceñas, singular por ser o único muíño de mareas que se conserva na nosa comarca. Seguindo o paseo nos desviaremos pola rúa Marcial Calvo ata chegar ó edificio do antigo Concello no que ademais da Plaza do Concello destaca o seu reloxo colocado na torre arredor do ano 1962, de factura catalana, que supuxo un



EN BICI

POLA MARXE DO RÍO XUVIA



CONCELLARÍA DE TURISMO

POLICIA LOCAL- EQUIPO EDUCACION VIARIA CONCELLO DE NARON



CONCELLARÍA DE TURISMO

POLICIA LOCAL- EQUIPO EDUCACION VIARIA CONCELLO DE NARON

emblemáticos de todo o Concello. É unha zona moi frecuentada polos amantes da natureza.

Continuando co noso camino chegamos á antiga Piscifactoria, que, construída nos oitenta, chegou a criar máis de trescentas toneladas de peixe ao ano.

Río arriba chegamos á zona entrerríos, construído nos anos 50' do século XX na ribeira do río Xuvia é coñecido tamén coma "muíño de entrerríos". Presenta unha planta cadrada e dúas alturas, distinguíndos na planta baixa dous arcos que permiten o paso da auga. Na actualidade está restaurado e nel se amosa cómo se usaba a auga como forza motriz e motor da industrialización na nosa comarca, e de ahí a área recreativa de Pedroso onde atopamos o Muíño de Pedroso (Muíño de Chao), construído arredor do ano 1800 e restaurado e en funcionamento dende 1999. Na actualidade se realizan visitas guiadas e actividades didácticas relacionadas co "Ciclo do Pan".



LENDAS:

- A) PASEO DE XUVIA (Rotonda de Megasa)
- B) MUÍÑO DAS ACEÑAS
- C) DIQUE DO MUÍÑO DAS ACEÑAS
- D) ANTIGO CONCELLO
- E) IGREXA DE XUVIA
- F) MAGNOLIO
- G) PONTE DE XUVIA
- H) CECA DE XUVIA
- I) MUÍÑO DE XUVIA



- J) PRAZA DE FRANCISCO BARCÓN Y QUEVEDO
- T) ANTIGA FONTE DA FAMILIA BARCÓN
- U) ANTIGA FABRICA DE XEO DO RIO XUVIA
- V) PRESA DO REI
- X) ANTIGA ESTACIÓN DE BOMBEO DO RIO XUVIA
- Y) ANTIGA PISCIFACTORIA DO RIO XUVIA
- Z) MUÍÑO DE ENTRERRIOS

CONCELLARÍA DE TURISMO

POLICIA LOCAL- EQUIPO EDUCACION VIARIA CONCELLO DE NARON

